Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 19 DE OUTUBRO DE 2018

ASISTENTES:

Alcaldesa:
Mª Teresa Villaverde Pais *(GPM PP)*

Concelleiros:
Ramón Manuel Martínez Rial *(GPM PP)*
Ramón Figueroa Pérez *(GPM PP)*
María Regenjo Vázquez *(GPM PP)*
Ramón García Conde *(GPM PP)*
Silvia Agrafojo Filgueira *(GPM PP)*
Julio M. D. Paradela Busto *(GPM PSdG-PSOE)*
Iván Bermúdez Castro *(GPM PSdG-PSOE)*

Ausentes:
Beatriz González Bargo *(GPM PSdG-PSOE)*
Lucía Rodríguez Cao *(GPM PT)*
Amador Turnes Núñez *(GPM BNG)*

Secretaria-Interventora:
Paula Ares Otero

Na localidade de **Lousame** (A Coruña), sendo as **08:30 horas** do día **19** de **outubro** de **2018**, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, reúnese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **EXTRAORDINARIA E URXENTE**, baixo a Presidencia de **Dª. Mª Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaria-Interventora do Concello, Dª. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

PARTE RESOLUTIVA:

1 Aprobación, se procede, da ratificación da urxencia da sesión.
2 Aprobación, se procede, do desistimento do expediente de contratación 10.2018.

CONCELLO DE LOUSAME (A Coruña)

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3 Aprobación, se procede, do expediente de contratación 11.2018 (contrato de servizos, Modalidade SAF-Dependencia)

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN

A Alcaldesa comenta que os asuntos que se tratan neste Pleno Extraordinario e Urxente foron xa tratados na Comisión de Seguemento e Control que tivo lugar no día de onte, xoves, día 18.10.2018.

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que o pleno do ente local, ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

1 **Desistimento no procedemento de contratación 10.2018 (Servizo SAF- Modalidade Dependencia)**

O Pleno de Lousame, na sesión que tivo lugar o día 11.10.2018, aprobou o expediente de contratación núm. 10.2018 (contrato de servizos, Modalidade SAF-Dependencia).

O luns, día 15.10.2018, a secretaria-interventora advertiu un erro no PCAP do expediente de contratación, que impedía a súa publicación e esixía a súa corrección.

O martes, día 16.10.2018, a secretaria-interventora emite informe no que sinala a necesidade de desistir do expediente de contratación 10.2018 e iniciar un novo, corrixindo o erro detectado no PCAP.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A urxencia está motivada pola necesidade de licitar no prazo máis breve posible o servizo SAF-Dependencia, o que esixe que con carácter previo o Pleno Corporativo desista do procedemento anterior.

2 Aprobación do expediente de contratación 11.2018 (Servizo SAF-Dependencia)

É urxente e prioritario acelerar a contratación do servizo SAF-Dependencia, que foi licitado por vez primeira no exercicio 2017.

O expediente de contratación é prácticamente semelleante ao anterior, corrixíndose os erros detectados pola secretaría-intervención no anterior expediente de contratación.

Unha pronta aprobación do expediente de contratación, marcará o comezo do procedemento de adxudicación e posibilitará a formalización do novo contrato no prazo máis breve que sexa posible.

A hora prevista da celebración do Pleno está motivada para que o propio venres, se finalmente se aproba o expediente de contratación 11.2018, se poidan empezar os traballos de publicación do expediente na *Plataforma de Contratos do Sector Público* onde está emprazado o Perfil do Contratante do Concello de Lousame.

Por todos estes antecedentes, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que RATIFIQUE a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o venres, día 19 de outubro de 2018.

Lousame, a 17 de outubro de 2018.
A alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

.....

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervención somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos oito (8) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da sesión extraordinaria do día 19.10.2018

CONCELLO DE LOUSAME - (A Coruña)

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DESISTIMENTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 10.2018

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....

PROPOSTA DE ACORDO: DESISTIMENTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 10.2018: SERVIZO SAF-DEPENDENCIA

Asunto: Desestimento.
Expediente de contratación: 10/2018
Denominación: "Servizo SAF-Dependencia"
Proxecto de gasto: 06.18
Financiación: Cofinanciado, Xunta de Galicia.
.

O **Pleno** do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a a DA2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:

Antecedentes Administrativos:

1. Providencia da alcaldía do 06.09.2018 incoando o expediente de contratación.

2. Memoria xustificativa emitida pola alcaldía do 06.09.2018 ao abeiro do artigo 28 da LCSP xustificando a competencia local exercida para a tramitación deste expediente, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer e o procedemento de contratación elixido (procedemento aberto, tramitación ordinaria)

3. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos, do 06.09.2018.

4. Prego de Prescricións Técnicas, do 06.09.2018

5. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a lexislación aplicable e o procedemento.

6. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a non división en lotes do contrato administrativo.

7. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a insuficiencia de medios persoais e materiais para prestar o servizo.

8. Informe da Traballadora Social, do 03.10.2018, xustificativo da non división en lotes e da non subcontratación.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

9. O 05.10.2018 esta Secretaría-Intervención emite o seu certificado de existencia de crédito polo importe que se pretende imputar ao exercicio 2018 (dúas mensualidades completas, do 01.11.2018 ao 31.12.2018)

10. O 05.10.2018 esta Secretaría-Intervención emite o seu informe de fiscalización previo á fase de aprobación do gasto, núm. 93/2018.

11. O 11.10.2018 o órgano competente, o Pleno Corporativo, aproba o expediente de contratación.

12. O 15.10.2018 esta Secretaría-Intervención detecta un erro no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no relativo á valoración dos criterios de adxudicación.

13. O 16.10.2018 esta Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 105/2018, sobre a necesidade de acordar o desistimento do expediente de contratación 10/2018 polo erro detectado no PCAP no relativo á valoración dos criterios de adxudicación.

Fundamentación Xurídica:

1 PCAP que rexe o procedemento de licitación 10/2018, contrato de servizos, cuxo obxecto é a contratación do "Servizo SAF – Modalidade Dependencia" establece (cláusula13) dous criterios de adxudicación, coa seguinte ponderación:

- Prezo do servizo, coa ponderación do 60% da puntuación total (60 puntos sobre 100)
- Calidade do servizo, coa ponderación do 40% da puntuación total (40 puntos sobre 100)

2 Na aplicación conxugada do artigo 145.4 e Anexo IV da Lei de Contratos do Sector Público, no expediente de contratación 10/2018, cuxo código CPV é o 85312000-9, os criterios relacionados coa calidade deberán representar, como mínimo o 51% da puntuación asignable na valoración das ofertas.

3 O artigo 152 da Lei de Contratos do Sector Público permite ao órgano de contratación desistir dun procedemento de adxudicación cando se infrinxa unha norma relativa ao procedemento de adxudicación, como o suposto que nos ocupa. Permítese iniciar de inmediato un novo expediente de contratación.

Á vista dos antedecentes administrativos e fundamentos xurídicos sinalados, incorporado ao expediente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Desistir do expediente de contratación **núm. 10.2018** do contrato de servizos, denominado **"SAF – Modalidade Dependencia"**, por non respectar a cláusula 13 do PCAP o artigo 145.4 e Anexo IV da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo: Remitir certificado deste acordo ao Departamento de Contratación e Contable, para os efectos oportunos.

CONCELLO DE LOUSAME (A Coruña)

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Lousame, a 16 de outubro de 2018

A Alcaldía
Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos oito (8) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

Asunto: Desestimento.
Expediente de contratación: 10/2018
Denominación: "Servizo SAF-Dependencia"
Proxecto de gasto: 06.18
Financiación: Cofinanciado, Xunta de Galicia.

O **Pleno** do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a a DA2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:
Antecedentes Administrativos:

1. Providencia da alcaldía do 06.09.2018 incoando o expediente de contratación.
2. Memoria xustificativa emitida pola alcaldía do 06.09.2018 ao abeiro do artigo 28 da LCSP xustificando a competencia local exercida para a tramitación deste expediente, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer e o procedemento de contratación elixido (procedemento aberto, tramitación ordinaria)
3. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos, do 06.09.2018.
4. Prego de Prescricións Técnicas, do 06.09.2018
5. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a lexislación aplicable e o procedemento.
6. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a non división en lotes do contrato administrativo.
7. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 07.09.2018, sobre a insuficiencia de medios persoais e materiais para prestar o servizo.
8. Informe da Traballadora Social, do 03.10.2018, xustificativo da non división en lotes e da

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

non subcontratación.

9. O 05.10.2018 esta Secretaría-Intervención emite o seu certificado de existencia de crédito polo importe que se pretende imputar ao exercicio 2018 (dúas mensualidades completas, do 01.11.2018 ao 31.12.2018)

10. O 05.10.2018 esta Secretaría-Intervención emite o seu informe de fiscalización previo á fase de aprobación do gasto, núm. 93/2018.

11. O 11.10.2018 o órgano competente, o Pleno Corporativo, aproba o expediente de contratación.

12. O 15.10.2018 esta Secretaría-Intervención detecta un erro no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no relativo á valoración dos criterios de adxudicación.

13. O 16.10.2018 esta Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 105/2018, sobre a necesidade de acordar o desistimento do expediente de contratación 10/2018 polo erro detectado no PCAP no relativo á valoración dos criterios de adxudicación.

Fundamentación Xurídica:

1 PCAP que rexe o procedemento de licitación 10/2018, contrato de servizos, cuxo obxecto é a contratación do "Servizo SAF - Modalidade Dependencia" establece (cláusula13) dous criterios de adxudicación, coa seguinte ponderación:

— Prezo do servizo, coa ponderación do 60% da puntuación total (60 puntos sobre 100)
— Calidade do servizo, coa ponderación do 40% da puntuación total (40 puntos sobre 100)

2 Na aplicación conxugada do artigo 145.4 e Anexo IV da Lei de Contratos do Sector Público, no expediente de contratación 10/2018, cuxo código CPV é o 85312000-9, os criterios relacionados coa calidade deberán representar, como mínimo o 51% da puntuación asignable na valoración das ofertas.

3 O artigo 152 da Lei de Contratos do Sector Público permite ao órgano de contratación desistir dun procedemento de adxudicación cando se infrinxa unha norma relativa ao procedemento de adxudicación, como o suposto que nos ocupa. Permítese iniciar de inmediato un novo expediente de contratación.

Á vista dos antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos sinalados, incorporado ao expedlente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Desistir do expedlente de contratación **núm. 10.2018** do contrato de servizos, denominado **"SAF – Modalidade Dependencia"**, por non respectar a cláusula 13 do PCAP o artigo 145.4 e Anexo IV da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo: Remitir certificado deste acordo ao Departamento de Contratación e Contable, para os efectos oportunos>>

CONCELLO DE LOUSAME - (A Coruña)

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 11.2018 (CONTRAO DE SERVIZOS. MODALIDADE SAF – DEPENDENCIA)

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....

PROPOSTA DE ACORDO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 11.2018: SERVIZO SAF-DEPENDENCIA

Asunto: Aprobación.
Expediente de contratación: 11/2018
Denominación: "Servizo SAF-Dependencia"
Proxecto de gasto: 06.18
Financiación: Cofinanciado, Xunta de Galicia.

O **Pleno** do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a a DA2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:

Antecedentes Administrativos:

1. Providencia da alcaldía do 16.10.2018 incoando o expediente de contratación.

2. Memoria xustificativa emitida pola alcaldía do 16.10.2018 ao abeiro do artigo 28 da LCSP xustificando a competencia local exercida para a tramitación deste expediente, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer e o procedemento de contratación elixido (procedemento aberto, tramitación ordinaria)

3. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos, do 16.10.2018.

4. Prego de Prescricións Técnicas, do 16.10.2018

5. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 16.10.2018, sobre a lexislación aplicable e o procedemento.

6. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 16.10.2018, sobre a non división en lotes do contrato administrativo.

7. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 16.10.2018, sobre a insuficiencia de medios persoais e materiais para prestar o servizo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

8. Informe da Traballadora Social, do 16.10.2018, xustificativo da non división en lotes e da non subcontratación.

9. O 17.10.2018 esta Secretaría-Intervención emite o seu certificado de existencia de crédito polo importe que se pretende imputar ao exercicio 2018 (do 15.11.2018 ao 31.12.2018)

10. Informe da secretaría-intervención núm. 106/2018 do 17.10.2018, emitido no cumprimento da DA 2ª e 3ª da LCSP.

Necesidades a cubrir e idoneidade na celebración do contrato:

Están especificadas na Memoria emitida pola Alcaldía ao abeiro do artigo 28 da LCSP, do día 16.10.2018.

Importe do contrato a celebrar para a totalidade da súa duración (24 meses, 42.792 horas):

— Prezo sen IVE: 619.628,16 €
— IVE (4%): 24.785,13 €
— Prezo con IVE: **644.413,29** €

Prezo Hora	
Prezo sen IVE	14,48
IVE (4%)	0,58
Prezo con IVE	15,06

		Prezo sen IVE	Prezo con IVE
Horas 12 meses	21.396	309.814,08	322.206,64
Horas 24 meses	**42.792**	*619.628,16*	**644.413,29**
Modificación 10%	4.279	*61.959,92*	64.438,32

Valor estimado co contrato para a totalidade da súa duración (24 meses):

— Prezo sen IVE: 619.628,16 €
— Modificación prevista do 10% (4.279 horas): 61.959,92 €
— Valor estimado do contrato: 681.588,08 €

Distribución estimada do crédito por anualidades orzamentarias:

Coste anual con IVE	322.206,64

CONCELLO DE LOUSAME (A Coruña)

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Coste mensual con IVE	26.850,55

Anualidade	Meses	Crédito
2018	1,5	**40.275,83**
2019	12	322.206,64
2020	10,5	281.930,81
Totais	**24**	**644.413,29**

Procedemento de adxudicación e tramitación:

Tendo en conta a natureza da actuación e o seu custo, considérase que o procedemento máis axeitado para a súa contratación é o **procedemento aberto, tramitación ordinaria, con multiplicidade de criterios de adxudicación.**

Criterios de adxudicación e valoración:

En relación aos criterios de adxudicación, na aplicación do artigo 145 da LCSP realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo aos seguintes criterios:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		
Prezo	Valoración automática	**49%**
Calidade: Proxecto técnico de organización **do servizo**	Valoración que depende dun xuízo de valor	**51%**
Puntuación máxima		***100 puntos***
Puntuación dos criterios de valoración automática		*49 puntos*
Puntuación dos criterios cuxa valoración depende dun xuízo de valor		*51 puntos*

Redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares cos seus Anexos, o Prego de Prescricións Técnicas. Incorporado ao expediente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar a insuficiencia de medios materiais e persoais do Concello de Lousame para executar o servizo SAF-Dependencia, e polo tanto, a necesidade administrativa de celebrar este expediente de contratación.

Segundo: Aprobar a non división en lotes do contrato, á vista dos informes técnicos obrantes no expediente de contratación.

Terceiro: Publicar no Perfil do Contratante o acordo de incoación do **expediente, así como a** xustificación requirida polo artigo 28 da LCSP.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto: Aprobar o expediente de contratación **núm. 11.2018** do contrato de servizos, denominado **"SAF – Modalidade Dependencia"**, por procedemento **aberto**, tramitación **ordinaria**, atendendo á unha pluralidade de criterios de adxudicación, cun orzamento total de execución por contrata de **644.413,29 €**, IVE (4%) incluído.

Quinto: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas.

Sexto: Aprobar o gasto correspondente para o exercicio 2018, con cargo á aplicación orzamentaria **231.22799**, proxecto **06.2018**, do estado de gastos do orzamento vixente; remitindo certificado deste acordo á área de contabilidade, para a contabilización da fase de autorización do gasto.

Sétimo: Dispoñer a apertura do procedemento aberto adxudicación, tramitación ordinaria e publicar anuncio de licitación no Perfil de Contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Oitavo: Publicar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas, a composición da Mesa de Contratación, do Comité de Expertos e este acordo de aprobación do expediente de contratación, no Perfil do Contratante.

Lousame, a 17 de outubro de 2018
A Alcaldía
Mª Teresa Villaverde Pais

.....

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

O Sr. Paradela Busto, voceiro do PSdG-PSOE sinala que van aprobar a proposta de acordo. No anterior Pleno abstivéronse fundamentalmente porque non lles gustaba o sistema de puntuación; e esta circunstancia vese corrixida no actual expediente de contratación. Non corrixida na medida en que a eles lles gustaría, pois consideran que debería pesar aínda máis a calidade sobre o prezo do contrato.

A Alcaldía comparte estas reflexións. Gustaríalles que se puidese valorar máis a calidade en tódolos contratos, pero a lexislación prima os criterios obxectivos sobre aqueles cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor. Agás en certos contratos, como é este que agora nos ocupa. E por iso foi o motivo de desistir do anterior expediente de contratación e de tramitar un novo.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

CONCELLO DE LOUSAME - (A Coruña)

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos oito (8) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

Asunto: Aprobación.
Expediente de contratación: 11/2018
Denominación: "Servizo SAF-Dependencia"
Proxecto de gasto: 06.18
Financiación: Cofinanciado, Xunta de Galicia.

O **Pleno** do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a a DA2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e á vista dos seguintes:

Antecedentes Administrativos:

1. Providencia da alcaldía do 16.10.2018 incoando o expediente de contratación.
2. Memoria xustificativa emitida pola alcaldía do 16.10.2018 ao abeiro do artigo 28 da LCSP xustificando a competencia local exercida para a tramitación deste expediente, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer e o procedemento de contratación elixido (procedemento aberto, tramitación ordinaria)
3. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos, do 16.10.2018.
4. Prego de Prescricións Técnicas, do 16.10.2018
5. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 16.10.2018, sobre a lexislación aplicable e o procedemento.
6. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 16.10.2018, sobre a non división en lotes do contrato administrativo.
7. Informe do Técnico de Administración Xeral, do 16.10.2018, sobre a insuficiencia de medios persoais e materiais para prestar o servizo.
8. Informe da Traballadora Social, do 16.10.2018, xustificativo da non división en lotes e da non subcontratación.
9. O 17.10.2018 esta Secretaría-Intervención emite o seu certificado de existencia de crédito polo importe que se pretende imputar ao exercicio 2018 (do 15.11.2018 ao 31.12.2018)
10. Informe da secretaría-intervención núm. 106/2018 do 17.10.2018, emitido no cumprimento da DA 2ª e 3ª da LCSP.

Necesidades a cubrir e idoneidade na celebración do contrato:

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Están especificadas na Memoria emitida pola Alcaldía ao abeiro do artigo 28 da LCSP, do día 16.10.2018.

Importe do contrato a celebrar para a totalidade da súa duración (24 meses, 42.792 horas):

— Prezo sen IVE: 619.628,16 €
— IVE (4%): 24.785,13 €
— Prezo con IVE: **644.413,29** €

Prezo Hora	
Prezo sen IVE	14,48
IVE (4%)	0,58
Prezo con IVE	15,06

		Prezo sen IVE	Prezo con IVE
Horas 12 meses	21.396	309.814,08	322.206,64
Horas 24 meses	**42.792**	*619.628,16*	**644.413,29**
Modificación 10%	4.279	*61.959,92*	64.438,32

Valor estimado co contrato para a totalidade da súa duración (24 meses):

— Prezo sen IVE: 619.628,16 €
— Modificación prevista do 10% (4.279 horas): 61.959,92 €
— Valor estimado do contrato: 681.588,08 €

Distribución estimada do crédito por anualidades orzamentarias:

Coste anual con IVE	322.206,64
Coste mensual con IVE	26.850,55

Anualidade	Meses	Crédito
2018	1,5	**40.275,83**
2019	12	322.206,64
2020	10,5	281.930,81
Totais	**24**	**644.413,29**

Procedemento de adxudicación e tramitación:

CONCELLO DE LOUSAME - (A Coruña)

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Tendo en conta a natureza da actuación e o seu custo, considérase que o procedemento máis axeitado para a súa contratación é o **procedemento aberto, tramitación ordinaria, con multiplicidade de criterios de adxudicación.**

Criterios de adxudicación e valoración:

En relación aos criterios de adxudicación, na aplicación do artigo 145 da LCSP realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo. A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo aos seguintes criterios:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		
Prezo	Valoración automática	49%
Calidade: Proxecto técnico de organización do servizo	Valoración que depende dun xuízo de valor	51%
Puntuación máxima		***100 puntos***
Puntuación dos criterios de valoración automática		*49 puntos*
Puntuación dos criterios cuxa valoración depende dun xuízo de valor		*51 puntos*

Redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares cos seus Anexos, o Prego de Prescricións Técnicas. Incorporado ao expediente o informe preceptivo da Secretaría-Intervención; e no uso das competencias conferidas pola DA 2ª da LCSP, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Aprobar a insuficiencia de medios materiais e persoais do Concello de Lousame para executar o servizo SAF-Dependencia, e polo tanto, a necesidade administrativa de celebrar este expediente de contratación.

Segundo: Aprobar a non división en lotes do contrato, á vista dos informes técnicos obrantes no expediente de contratación.

Terceiro: Publicar no Perfil do Contratante o acordo de incoación do expediente, así como a xustificación requirida polo artigo 28 da LCSP.

Cuarto: Aprobar o expediente de contratación **núm. 11.2018** do contrato de servizos, denominado **"SAF – Modalidade Dependencia"**, por procedemento **aberto**, tramitación **ordinaria**, atendendo á unha pluralidade de criterios de adxudicación, cun orzamento total de execución por contrata de **644.413,29 €**, IVE (4%) incluído.

Quinto: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas.

Sexto: Aprobar o gasto correspondente para o exercicio 2018, con cargo á aplicación orzamentaria **231.22799**, proxecto **06.2018**, do estado de gastos do orzamento vixente; remitindo certificado deste acordo á área de contabilidade, para a

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

contabilización da fase de autorización do gasto.

Sétimo: Dispoñer a apertura do procedemento aberto adxudicación, tramitación ordinaria e publicar anuncio de licitación no Perfil de Contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Oitavo: Publicar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas, a composición da Mesa de Contratación, do Comité de Expertos e este acordo de aprobación do expediente de contratación, no Perfil do Contratante>>

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás oito horas e trinta e oito minutos (08:38 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Villaverde Rais

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Arés Otero

CONCELLO DE LOUSAME (A Coruña) SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

CONCELLO DE LOUSAME - (A Coruña)

CONCELLO DE LOUSAME - (A Coruña)